



Mobilidade e coñecemento de idiomas dos titulados no Sistema Universitario de Galicia nos cursos 2011-2012 e 2012-2013



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

M^a Patrocinio Morrondo Pelayo, José Eduardo López Pereira e M^a Carmen Fernández Montes. *Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia*
Pedro Faraldo Roca, Rosa María Crujeiras Casais. *Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización. Universidade de Santiago de Compostela*
María José Lombardía Cortiña e Salvador Naya Fernández. *Departamento de Matemáticas. Universidade da Coruña*
José María Matías Fernández. *Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Vigo*
Verónica Carreira Figueiras. *ABANCA*
Belén María Fernández de Castro. *CESUGA. Universidad San Jorge*
Adela Martínez Calvo. *Instituto Tecnológico de Matemática Industrial*

Resumo

Unha das misións principais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) é contribuir á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), servindo de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, contribuíndo a que o SUG se mantese permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

Tras a aprobación no 2007 da estratexia de internacionalización do EEES, o Comunicado Ministerial de Bucarest de 2012 aprobou a "Mobility for Better Learning. Mobility Strategy 2020 for the European Higher Education Area" onde se establece que se deben desenvolver estratexias nacionais e institucionais de internacionalización e mobilidade da educación superior. A mobilidade de estudantes xoga un papel importante na internacionalización das universidades, polo que se pon de manifesto a importancia de recadar información relevante sobre a mobilidade dos estudantes universitarios e directamente ligada a mesma, sobre o seu coñecemento de idiomas.

Neste traballo preséntase unha análise da participación dos estudantes en programas de mobilidade, tanto nacional como internacional, centrándose no tipo de programa e na localización da universidade de acollida. Así como se analiza que idiomas coñecen os estudantes e son quen de usar a maiores das linguas oficiais do SUG (galego e castelán).

Palabras e frases chave: Sistema Universitario de Galicia, inserción laboral, titulados universitarios, mobilidade, idiomas.

1. Introducción

A periodicidade anual destes estudos garante a obtención de históricos de resultados permitindo analizar a evolución no tempo de distintos factores relacionados co ámbito académico e laboral do titulado. Coa actual estrutura do mapa de titulacións: grao, máster e doutoramento, así como froito dos cambios acaecidos na homoxeneización dos programas formativos a nivel europeo, considerouse oportuno realizar unha revisión do cuestionario coa finalidade de recoller información sobre aspectos relevantes na actualidade, como son, a mobilidade e os coñecementos de idiomas. Así, no ámbito académico analízanse aspectos relacionados coa formación académica e a obtención de bolsas de estudo, a realización de prácticas e o traballo durante os estudos, a participación en programas de mobilidade e o coñecemento de idiomas.

Neste traballo, centrámonos na análise da mobilidade e o coñecemento de idiomas dos titulados no SUG nos dous últimos estudos realizados.

Na **Sección 2** preséntase un resumo dos datos técnicos dos estudos realizados sobre as cohortes de titulados no 2011-2012 e 2012-2013 (véxase Referencias). A análise da mobilidade e o coñecemento de idiomas dos titulados no SUG correspóndese coa **Sección 3**.

Os estudos completos dos cales proceden os resultados presentados neste traballo, pódense consultar en:

<http://www.acsug.es/gl/insercion>

2. Datos técnicos dos estudos

A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados no SUG durante os cursos académicos 2011-2012 e 2012-2013 (EIL1112 e EIL1213, onde as siglas EIL designan "Estudo de Inserción Laboral"). A información básica e de contacto correspondente aos titulados (que coinciden con unidade de mostraxe e unidade informante) é facilitada polas universidades do SUG. Os datos de poboación, mostra e período de realización das distintas enquisas achéganse na **Táboa 1**.

Curso académico	EIL1112	EIL1213
Poboación	8.106	8.395
Mostra	4.687	4.473
Traballo de campo	Decembro 2014	Decembro 2015

Táboa 1. Titulados no SUG. Tamaños de poboación e mostra e período de traballo de campo.

Para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinando o tamaño para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un erro máximo absoluto do 10%, cun nivel de confianza do 95%. Posteriormente, os resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG obtéñense mediante elevación proporcional ao tamaño de cada subpoboación. Considéranse as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II) (ver distribución de titulacións por rama de coñecemento: <http://www.acsug.es/gl/documentacion/publicacions/2962> (páxina 221)).

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica, fixando un número máximo de 5 chamadas por titulado, escollendo estes de xeito aleatorio. O cuestionario empregado foi o mesmo para cada un dos estudos. Na **Táboa 1** pódese consultar as datas para o desenvolvemento do traballo de campo.

3. Análise da mobilidade e o coñecemento de idiomas dos titulados no SUG

Mobilidade

Nos programas de mobilidade (nacionais e internacionais) de estudantes atópanse, entre outros, como obxectivos a adquisición de aprendizaxes, competencias lingüísticas e experiencias, tanto académicas como culturais, o fomento de cooperación entre institucións universitarias e a transferencia e recoñecemento de créditos.

O 19,46% dos titulados durante o curso académico 2012-2013 participou durante a súa estada na universidade nalgún programa de mobilidade, obténdose unha porcentaxe similar para o curso académico 2011-2012 (19,28%) como se pode observar na **Táboa 2** e **Figura 1**.

Mobilidade SUG	EIL1112	EIL1213
Si participou en mobilidade	19,28%	19,46%
Non participou en mobilidade	80,72%	80,54%

Táboa 2. Participación en programas de mobilidade durante a titulación. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.

Recolle a **Táboa 3** e a **Figura 2** o tipo de programa de mobilidade no que participou durante a titulación. Destaca o programa Erasmus, cun 80,24% no curso académico 2012-2013 e un 69,15% no curso académico 2011-2012 fronte aos programas nacionais, Sicue-Séneca cunhas porcentaxes do 16,47% e 15,93%, respectivamente. Así mesmo, destacase o incremento da participación no programa Erasmus no curso académico 2012-2013 con respecto a anterior.

Con respecto a localización da universidade de destino **Figura 3**, as porcentaxes gardan coherencia co tipo de programa no que se participou, de xeito o 81,07% (curso académico 2012-2013) e 80,05% (curso académico 2011-2012) dos casos, o seu destino foi unha universidade do resto da Unión Europea.

Mobilidade SUG	EIL1112	EIL1213
Sicue-Séneca	16,47%	15,93%
Erasmus	69,15%	80,24%
Bilateral	4,64%	6,87%
Outros	16,83%	1,37%

Táboa 3. Tipo de programa de mobilidade nos que participou durante a titulación. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.

Coñecemento de idiomas

Un factor determinante á hora de participar nun programa de mobilidade durante a titulación, que directamente contribuirá o éxito do programa, é coñecer o idioma do país no que se localiza a universidade a cal se desprazan os estudantes. Nestes dous últimos estudos, analizouse que idiomas coñecen e son quen de usar a maiores das linguas oficiais do SUG (galego e castelán).

O 93,12% dos titulados durante o curso académico 2012-2013 coñecía algún idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (galego e castelán), obténdose un 91,36% para o curso académico 2011-2012 como se pode ver na **Táboa 4** e **Figura 4**.

Coñecemento de idiomas adicionais

Coñecemento de idiomas adicionais	EIL1112	EIL1213	Número de idiomas adicionais que coñece	EIL1112	EIL1213
Non coñece outro idioma	8,64%	6,88%	1 idioma	56,45%	52,88%
Si coñece outro idioma	91,36%	93,12%	2 idiomas	26,58%	29,67%
			3 idiomas	6,54%	8,29%
			4 idiomas	1,48%	1,96%
			Máis de 4 idiomas	0,31%	0,33%

Táboa 4. Coñecemento de idiomas adicionais ás linguas oficiais do SUG e o seu número. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.

O idioma que os titulados dixeron coñecer mellor é o inglés, seguido de lonxe polo francés e o portugués en ambos estudos. A maioría, definiuse como usuario independente (niveis B1 e B2) no caso do inglés e usuario básico nos outros idiomas estudados.




Figura 1. Participación en programas de mobilidade durante a titulación. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.




Figura 2. Tipo de programa de mobilidade nos que participou durante a titulación. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.




Figura 3. Localización da universidade á que se desprazou co programa de mobilidade durante a titulación. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.




Figura 4. Coñecemento de idiomas adicionais ás linguas oficiais do SUG. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.




Figura 5. Número de idiomas adicionais que coñece. Comparativa dos estudos: EIL1112 e EIL1213.

Con respecto ao número de idiomas adicionais que coñecen, na **Figura 5** observase que o 56,78% e o 61,79% para os cursos académicos 2012-2013 e 2011-2012, respectivamente, afirmou coñecer só un idioma adicional. Así mesmo, incrementáronse as porcentaxes de titulados que afirman coñecer dous idiomas, pasando do 29,09% no curso académico 2011-2012 ao 31,86% no curso académico 2012-2013.

Referencias

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2016). Estudio da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C.(en imprenta). Estudio da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.